

Sobre o manuscrito e as as edicións de *Conto gallego*, obra indubidable de Rosalía de Castro

ANDRÉS POCIÑA
AURORA LÓPEZ
Universidad de Granada

I. A EDICIÓN PRÍNCIPE DO *CONTO*

No fascículo 126, volume 33, da Revista *Grial*, correspondente ó segundo trimestre de 1995, a doutora María do Carme Ríos Panisse publica un traballo, de extraordinaria importancia nos estudos rosalianos, titulado “*Contos da miña terra* (1864), primeira edición do *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro”. A autora estudia e edita con todo rigor un folleto conservado na Biblioteca da Real Academia Galega (sign. 4407), que contén dúas obras publicadas en *El Avisador. Diario independiente* de A Coruña. Unha delas leva por título *Contos da miña terra*, pertencente a un autor ou autora de nome R. C., aparecida no ano 1864. O texto, que presenta agora Ríos Panisse nas páxinas 269-280 deste artigo, é sensiblemente o mesmo que o do *Conto gallego* editado por Manuel Castro y López en Buenos Aires no *Almanaque Gallego* para o ano 1923, onde aparece atribuído sen dúbida algunha a Rosalía de Castro. Sendo esto así, de admitirmos a autoría rosaliana do *Conto gallego*, teríamos agora, gracias ó achado e ó interesantísimo estudio de Ríos Panisse, a data auténtica e a primeira edición do conto, 1864, que daquela pasaría a ser o primeiro gran texto literario galego, escrito e publicado practicamente polo mesmo tempo que *Cantares gallegos* (1863).

Ríos Panisse ocúpase con moita minuciosidade da autoría do texto, descartando nomes que responden as iniciais R. C., como os de Ricardo Caruncho, Ramón Coiradas, Romualdo Casal, etc.; todos eles amosan grandes dificultades, cando non imposibilidade absoluta, para serlles atribuído o relato en cuestión. Tamén hai argumentos en contra da atribución a Rosalía, que, sen embargo, ten moitos e moi importantes ó seu favor. A investigadora insiste unha e outra vez en que lle gustaría poder afirmar que o conto é de Rosalía, pero no seu desexo dunha obxectividade científica digna de todo eloxio, chega a facer máis fincapé nos argumentos en contra da autoría de Rosalía, que obxectivamente son menos importantes¹. Lembremos as verbas con que remata o estudio desta autora:

¹ Argumentos que chega a multiplicar, mesmo con algún engadido impreciso, por exemplo cando di: “Porque é certo que asinou coas súas verdadeiras iniciais (se é a autora, como todo parece indicar), pero ningún escrito da época (que saibamos) dá conta desta publicación ou identifica claramente a R. C.

“Como se ve por este traballo, eu non podo afirmar con seguridade que os *Contos da miña terra* sexa da autoría da xenial escritora. Síntoo, porque me gustaría facelo. Penso que ningunha outra pluma máis ca dela pode con tantos méritos adxudicarse esta autoría, pero Rosalía, que nos furtou moitos orixinais inéditos á hora da súa morte, tamén nos furtou, quizais para sempre, a seguridade de que é a autora desta primeira peza mestra da nosa prosa” (p. 268).

Lamenta Ríos Panisse non poder empregar no seu estudio o manuscrito do *Conto gallego* de Rosalía que, según atopa en Bouza Brey² e en Carballo Calero³, encóntrase na Biblioteca da Real Academia da Coruña. Estas son as palabras da investigadora, moi interesantes para o aspecto principal da nosa investigación e tamén polo que se deixa sospeitar nelas: “Eu intentei localizar o ‘manuscrito’ na Real Academia pero sen froito. Ou ben está extraviado ou foi incluído (indebidamente) nas propiedades de Xoán Naya polos seus herdeiros” (p. 259). Máis adiante volveremos sobre este escuro asunto.

En resumo, se, como pensamos demostrar ó longo deste traballo, o *Conto gallego* foi escrito sen lugar a ningunha dúbida por Rosalía, podemos chegar xa aquí a estas primeiras conclusións que consideramos abondo importantes:

1. Rosalía escribiu un conto en prosa galega antes de (ou durante) 1864.
2. Rosalía publicou ese relato, como primeiro dunha serie que se chamaría *Contos da miña terra*⁴, en Santiago, no ano seguinte á aparición de *Cantares gallegos*.
3. O conto pasou bastante desapercibido, pero non por completo, se admitimos que outro, algo posterior, *Maruxa e Mingos. Conto popular*, de Juan Manuel Paz Nóvoa, dedicado precisamente “Á señora Rosalía Castro de Murguía”, parece claramente unha réplica ó relato de *Contos da miña terra*⁵.

con Rosalía de Castro” (p. 265). Xustamente no *Calendario gallego* para o ano 1864 en que se publica este conto, editado en Lugo por Soto Freire, aparece un poema de Rosalía titulado “Xuízo do ano”, e vai asinado só por R. C. (cf. López - Pociña, 1991, I, p. 145). Evidentemente, semellante abreviatura estaba moi ben connotada, nun texto literario en galego, no momento en que se emprega, é dicir, o ano seguinte a publicación de *Cantares gallegos*. Por outra parte, cando Ríos Panisse se pregunta “Porque ¿é posible que Rosalía conseguise manter tan ben o anonimato que ningún dos seus contemporáneos vira tras as iniciais R. C. a personalidade da poetisa? Parece raro” (p. 267), a súa resposta ven confirmada, pensamos nós, polo conto de Juan Manuel Paz Nóvoa “Maruxa e Mingos. Conto popular”, que o ilustre ousán publicou primeiro en castelán, en 1867, e despois en galego, en 1887, adicado “Á señora Rosalía Castro de Murguía”: como escriben Garcia Negro *et al.*, 1996, p. 7, este conto de Paz Nóvoa “é réplica do ‘Conto gallego’ da autora”, que Paz Nóvoa tiña que coñecer con toda probabilidade por medio da súa lectura no edición de 1864.

² Ríos Panisse, 1995, p. 259, citando a Bouza Brey, 1946; unha indicación de data moito máis recente e máis detallada podía atopala en López-Pociña, 1991, I, pp. 563-564, obra que podería terlle aportado bastante luz a Ríos Panisse na súa pesquisa.

³ Ríos Panisse, 1995, p. 259, citando a Carballo Calero, 1970, p. 227.

⁴ É curioso que a indicación numérica de que se trata do primeiro relato dunha serie imprecisa aparece tanto na edición de 1864 como no manuscrito perdido da real Academia Galega.

⁵ Cf. a nosa nota 1; o texto do conto de Paz Nóvoa, así como as datas da súa publicación primeiro en castelán (*Almanaque de Soto Freire para 1967*), despois en galego (*O Galiciano* núm. 123, 6-3-

4. Este silencio case xeral⁶ sobre o relato de *Contos da miña terra* pode explicar, en boa medida, o feito de que Rosalía fixese unha nova copia do relato, co título cambiado, e que a mandase a Buenos Aires, onde se atopa polo menos dende 1873... anque non se publicará ata 1923, moitos anos despois do seu pasamento.

II. A EDICIÓN ARXENTINA DO *CONTO*

No ano 1923 publícase o *Conto gallego* de Rosalía Castro (*sic*), no *Almanaque Gallego* editado en Buenos Aires por Manuel de Castro y López⁷; o relato rosaliano áchase, como escribiu Bouza Brey vinte anos máis tarde, en “las páginas 95 a 104, salvo que en la 99 se intercalan tres grabados del monumento a la escritora en Compostela” (p. 298).

Pensamos que é moi coñecida a recuperación do *Conto* a partir desta edición no *Almanaque* de 1923, debida a un estupendo e moi significativo artigo de Fermín Bouza Brey, que leva o número VI daquela famosa serie publicada en *Cuadernos de Estudios Galegos* baixo o título xeral de “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro”⁸. Por esta razón, non imos repetir aquí os datos, importantísimos, que proporciona Manuel de Castro y López, mais queremos lembrar un parágrafo que será fundamental para nós:

Mi estimado amigo don José M. González (nacido en El Grove el año 1852 y Escribano público en Buenos Aires, ciudad a que emigró cuando tenía quince años, y donde falleció el 15 de junio de 1921) se dignó obsequiarme con el *Conto gallego* en el mes de agosto de 1920; y, al entregármelo, me dijo que, a su vez, se lo regaló en la metrópoli argentina don Florentino Corbeira y Marín el año 1873, fecha desde la cual lo había cuidadosamente conservado. *Conto gallego* está escrito de puño y letra de la inmortal autora de *Cantares gallegos* (1863), *Follas Novas* (1880) y *En las orillas del Sar* (1884), en un pequeño cuaderno de 38 páginas, por ella foliadas, excepto las dos últimas, que se hallan en blanco; y en la portada tiene impreso sobre el título un sello de metal que dice: *Florentino Corbeira - y - Marín - Ferrol...*

1887), e tamén a interpretación como “réplica” ó *Conto gallego* de Rosalía, tomámolas de Garcia Negro *et al.*, 1996, p. 7, pp. 28-31.

⁶ As diversas explicacións que Ríos Panisse e outros autores dan a ese silencio aparecen moi ben sintetizadas por Noia Campos, 2000, p. 244, que recorda o olvido do *Conto gallego* dende 1864 ata 1946 (seguramente porque non lle dá moita importancia á difusión que puido ter gracias a súa aparición nun almanaque arxentino de 1923), e sinala: “Se desconocen las razones de esa ocultación, aunque, posiblemente, tengan que ver con que el relato estuviese escrito en una lengua utilizada por las clases populares, considerada incorrecta para la narrativa. Y, quizás, el anonimato se deba también al argumento del cuento, que trata en clave de humor un tema popular: la apuesta de dos amigos sobre la infidelidad de las mujeres”.

⁷ A ficha bibliográfica completa pode verse en López - Pociña, 1991, I, p. 563; segue a ser absolutamente imprescindible a lectura de Bouza Brey, 1946.

⁸ Esta serie de traballos, de importancia fundamental no seu tempo para a edición cada vez máis completa das obras de Rosalía, deu lugar á denominación por A. Pociña de “Período Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1951)”, dada a un dos grandes períodos da bibliografía rosaliana; cf. Pociña, 1986, pp. 101-102 (tamén en Pociña - López, 2000, p. 364).

De acordo con esta nota do editor do *Almanaque Gallego*, o orixinal do *Conto gallego* achábase no ano 1873, non sabemos dende cando, en Buenos Aires, en posesión de Florentino Corbeira y Marín, nome que, en efecto, se pode ler sen grande dificultade nun selo na portada⁹; Ríos Panisse, que non conseguiu atopalo na Academia Galega, comparando o relato que aparece en *El Avisador* co do *Almanaque*, considera que este é unha copia de aquel (p. 263); nós, que si podemos velo, mesmo agora, dicimos que o manuscrito é unha copia sen dúbida do relato aparecido en *El Avisador*, pero feita cunha pulcritude e unha claridade sorprendentes, sen dúbida coa intención de que puidese servir de base para unha edición; cando a fixo Rosalía, e cando a mandou ou de que modo chegou a Buenos Aires, non podemos sabelo. Dende 1873 a 1920 o manuscrito é propiedade de José M. González, natural de O Grove, escribano público en Buenos Aires, quen un ano antes de morrer, regálallo en agosto de 1920 a Manuel de Castro y López; pouco tempo despois, este editao no *Almanaque Gallego* para o ano 1923, sinalando, porque para el non existe a máis pequena dúbida, que o orixinal “está escrito de puño y letra de la inmortal autora de *Cantares gallegos...*”.

Deste xeito, e sen necesidade de entrarmos nunha exposición de detalles que xa foron publicados noutros lugares e que só servirían para facer inacabable a nosa exposición, a propósito da edición arxentina do *Conto gallego* podemos sacar estas conclusións principais:

1. O *Conto gallego* editado e difundido en Buenos Aires, 1923, é unha segunda edición do relato de Rosalía, pero tomada non da publicada en Santiago en 1864, senón dun orixinal de puño e letra de Rosalía, que agora lle dá o título de *Conto gallego*; daquela, este debe ser o nome definitivo do relato, pois así o quixo a autora.

2. Se, como esperamos, demostramos axiña que o manuscrito empregado por Manuel de Castro y López foi escrito por Rosalía, este manuscrito deberá terse como texto principal para a edición do *Conto gallego*, en idénticos termos nos que a edición básica para unha edición crítica de *Cantares gallegos* non é a primeira de 1863, senón a segunda de 1872¹⁰.

3. O manuscrito empregado por Manuel de Castro y López para editar o *Conto gallego* era, no ano 1923, da súa exclusiva e irrefutable propiedade.

⁹ Non sabemos quen foi este Florentino Corbeira y Marín, nome que non se atopa na *Gran Enciclopedia Galega*, na *Enciclopedia Galega Universal*, nin no *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* de Antonio Couceiro Freijomil (Santiago, 1951), nin en Alberto Vilanova Rodríguez, *Los gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, 1966...

¹⁰ Cf. Pociña - López, 1992, pp. XLVI-XLVII: “No caso dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro o labor do editor crítico *sensu stricto* debería ser ben doado: existindo dúas edicións do libro, publicadas nos anos 1863 e 1872, polo tanto en vida da poeta, habería que facer unha análise dos textos de ámbalas dúas, favorable á da segunda nos caosos de discrepancia que respondesen obviamente á vontade de Rosalía”.

III. O MANUSCRITO DO *CONTO GALLEGO*

Inmediatamente despois da publicación do *Conto gallego* de Rosalía de Castro no *Almanaque Gallego* de 1923, don Manuel Castro y López, que sen dúbida tivo entre outros méritos o de ser home de honestidade digna de ser imitada¹¹, comprende que un texto tan importante, autógrafo de Rosalía, debe pasar a ser de propiedade pública, cedéndoo en depósito á Real Academia Galega. Xunto co manuscrito de Rosalía, hai (ou polo menos había cando nós tivemos a fortuna de poder estudialo) unha tarxeta, tamén manuscrita, con este texto, que nós copiamos en 1989 e un ano despois decidimos dar a coñecer enteiro, cando rematamos o orixinal do vol. I da nosa *Bibliografía rosaliana*¹²:

Manuel Castro y López

Saluda atentamente a su buen amigo el Sr. D. Luis López Páez, y le ruega que, aprovechando la ocasión de su visita a La Coruña, se digne entregar a la Real Academia Gallega el adjunto Conto gallego, de la insigne Rosalía Castro, obra cuya procedencia en su poder explica al insertarla en el tomo 26 del *Almanaque Gallego*, y que merece depositarse en aquella Institución. Buenos Aires, 25 de enero de 1923.

A autora e máis o autor deste traballo tivemos nas nosas mans, e copiamos, este texto, na Real Academia Galega, no mes de setembro de 1989. Alí estaba tamén o manuscrito de Rosalía, do que o bibliotecario da Academia, don Juan Naya Pérez, permitiu que se nos fixese unha fotocopia, na rudimentaria e vetusta fotocopiadora que naquel tempo había na institución. Esta vez tamén podemos dicir que por fortuna escribimos na nosa *Bibliografía rosaliana* un texto, froito dunha longa conversa con Naya, que agora case semella premonitorio:

En cuanto a la letra del manuscrito, D. Juan Naya nos confirma (septiembre de 1989) lo mismo que advertía Bouza-Brey en p. 284, es decir, que él considera que la letra no corresponde a Rosalía de Castro, con lo que, en su autorizada opinión, el manuscrito del *Conto gallego* no fue escrito por su autora¹³.

Cando apareceu na Revista *Grial* o traballo de María do Carme Ríos Panisse, grande foi o noso abraio ó lermos que o manuscrito do *Conto gallego* de Rosalía, na nosa opinión o autógrafo máis importante da literatura galega moderna, desaparecera da Real Academia Galega, nun período que, como pode deducirse, vai dende setembro de 1989 ós últimos meses de 1994. Nese intervalo producírase o falecemento de don Juan Naya, e Ríos Panisse escribe esas palabras que xa lembramos máis arriba: “Ou ben está extraviado ou foi incluído (indebidamente) nas propiedades de Xoán Naya polos seus herdeiros”. Nós queremos engadir que, en efecto, o bibliotecario da Academia pensaba que o texto era da súa propiedade, quizais apoiándose na cláusula Séptima do testamento de dona Gala Martínez-Murguía de Castro (respecto ó que non sabemos moi ben por que

¹¹ Sobre Manuel Castro López (Lugo, 1860 - Buenos Aires, 1926) hai un bon estudio na *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 6, p. 8; un moito máis breve na *Enciclopedia Galega Universal*, vol. 5, pp. 74-75; cf. a preciosa e xustamente eloxiosa homenaxe que lle dedica Alberto Vilanova Rodríguez no principio da súa obra *Los gallegos en la Argentina*, vol. I, pp. 9-36; tamén Vilavedra, 1995, pp. 131-132.

¹² Pociña - López, 1991, vol. I, p. 564.

¹³ Pociña - López, 1991, vol. I, p. 564.

razón hai tanto interese en darlle publicidade¹⁴), consideración totalmente contraria a dereito, pois o manuscrito do *Conto gallego* non pertencía a dona Gala, senón, como xa vimos, á Real Academia Galega¹⁵.

Pero de todo isto que estamos a dicir o máis importante é a autoría, rosaliana ou non, do manuscrito. Como xa dixemos, nós temos unha fotocopia completa do mesmo, que lle pedimos ó señor Naya para empregala unha edición crítica da obra de Rosalía, da que polo momento levamos feitos dous volumes con toda a poesía galega, un xa publicado, outro en prensa dende hai anos¹⁶. Pois ben, con absoluta seguridade podemos dicir que o texto é, como escribiu Manuel de Castro y López, de puño e letra de Rosalía, en contra da opinión de Naya Pérez, por certo nada segura, despois repetida por Bouza Brey, por nós e por Ríos Panisse). A este propósito, despois de estudos moi rigorosos e ben contrastados, diremos que hai en Rosalía dúas caligrafías¹⁷ que, aparentemente, parecen distintas, a que emprega nos orixinais de poemas como o galego “Tes unha frente d’Apolo” ou “Predestinados”, e a máis coidada que emprega na correspondencia, como por exemplo nunha famosa carta a Murguía, publicada por Naya Pérez¹⁸. Pois ben, a comparación da escritura de *Conto gallego* sobre todo coa da prosa rosaliana non deixa ningunha dúbida: son idénticas de todo punto, e sobre todo cando nos fixamos en rasgos esenciais e peculiares da grafía. As reproducións dos autógrafos de “Tes unha frente d’Apolo”, da carta a Murguía e dúas páxinas da nosa fotocopia de *Conto gallego* pensamos que son abondo para eliminar calquera dúbida.

Chegamos deste xeito a estas conclusións:

1. O manuscrito do *Conto gallego* é sen dúbida autógrafo de Rosalía; daquela, trátase do documento máis longo con diferenza que conservamos escrito pola man da egrexia escritora.

2. O manuscrito foi enviado en 1923 por quen era seu propietario indiscutible, o editor Manuel de Castro y López, para que quedase depositado na Real Academia Galega.

¹⁴ Por exemplo no libro Juan Naya Pérez, *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*, A Coruña, Deputación Provincial, 1998, pp. 175-176. A devandita cláusula Séptima di: “Deja los papeles, libros y demás que fueron propiedad de su finado padre y que pertenecen a la otorgante, y están en esta casa en que habita, a la Real Academia gallega, pero reservándose Don Juan Naya Pérez de esta vecindad, aquellos libros, papeles, pergaminos, etc., que le interesen”.

¹⁵ No mes de setembro de 1997, coincidimos con M^a do Carme Ríos Panisse en Vilagarcía de Arousa, na celebración do “I Congreso da Poesía Galega”, conmemorativo do cincuentenario da publicación de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño. Falamos do seu artigo que comentamos neste traballo, e do proxecto, que xa daquela tiñamos *in mente*, deste noso que agora publicamos; sobre o que puido acontecer co orixinal do manuscrito do *Conto gallego*, que Ríos Panisse nos dixo que buscara con todo coidado na Academia Galega sen resultado positivo, tiñamos ela e nós ideas moi parecidas, que, a falta de seguridade absoluta, non nos aventuramos a escribir.

¹⁶ A primeira parte, con *Cantares gallegos*, en Pociña - López, 1992; a segunda, con *Follas novas e Poemas soltos*, está en prensa dende hai (¡vergonza causa decilo!) cinco anos.

¹⁷ Autógrafos rosalianos áchanse sobre todo en Naya Pérez, 1953 e en Naya Pérez, 1998.

¹⁸ Moi ben reproducida en Naya Pérez, 1998, pp. 93-94.

3. En caso de non atoparse extraviado nos arquivos da Real Academia Galega, cousa posible e que ó noso ver resultaría maravillosa, quen teña o manuscrito, dende despois de setembro de 1989 e antes de finais de 1994, tenno indebidamente, podéndose falar de apropiación ilexítima, ou mellor, para deixármolos de atenuantes, de vergoñento latrocínio.

4. A Real Academia Galega ten a obriga de facer cantas pescudas sexan precisas para saber que pasou cun manuscrito que é tan importante na historia da literatura e da cultura galegas, descubrir onde está, e devolvelo ó seu lugar, recurriendo ós procedementos necesarios, mesmo de natureza xudicial se fose preciso.

5. Se despois destas investigacións non fose atopado, a autora e o autor deste traballo estamos dispostos a facer unha copia da nosa fotocopia, a ser posible con algún procedemento para mellorar a escasa impresión e a cor esvaída da letra, para que haxa polo menos unha copia deste texto de Rosalía onde debería estar o orixinal, debidamente custodiado, como se custodian e agariman nos países civilizados os manuscritos dos seus grandes autores.

IV. AS EDICIÓNS DO *CONTO GALLEGO*

As edicións do *Conto gallego* remontan sempre, agás a de 1864 dada a coñecer por M^a do Carme Ríos Panisse en 1995 e tamén, probablemente, a que leva o número 14 na nosa lista, ó texto do manuscrito perdido da Real Academia Galega, ben sexa a través da publicación no *Almanaque Gallego* de 1923, ou do artigo en que foi recuperado por F. Bouza Brey en *CEG* de 1946. Ata o momento presente son as seguintes:

1^a ed., 1864: *Contos da miña terra*, por R. C., Coruña: Tipografía Galaica, Acevedo, 21, A. 1864.

2^a ed., 1923: *Conto gallego* por Rosalía Castro de Murguía, en *1923 / Almanaque / Gallego / por / Manuel de Castro y López / con la / colaboración de distinguidos escritores y artistas / año XXVI*. Buenos Aires, Talleres Tipográficos Torchio, Paoppi y Cia., Corrientes 1258, pp. 95-104.

3^a ed., 1946: F. Bouza Brey (ed.), “Escritos no coleccionados de Rosalía Castro (VI) *Conto gallego*”, *CEG* II-6 (1946) 279-294.

4^a ed., 1970: Rosalía Castro, *Contos do pobo*, Vigo, Edicións Castrelos, 1970, pp. 11-25. Entre corchetes pónselle o título, sen base algunha, de [Os dous amigos e a viuda]. Hai reedicións, sen cambios, en 1971 e en 1975.

5^a ed., 1976: Rosalía de Castro, *Conto gallego*, en *Prosa galega I*, ed. pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, Vigo, Galaxia, 1976, pp. 94-101¹⁹.

¹⁹

Indícase como procedencia a edición de F. Bouza Brey en *CEG* 1946. Debaixo do título dase como data “(c. 1870)”, que agora, despois da edición de 1864 descuberta por Ríos Panisse, resulta in-

6ª ed., 1977: *Conto gallego*, en Rosalía de Castro, *Obras completas*, Recopilación e introducción por Victoriano García Martí. Nueva edición aumentada por Arturo del Hoyo, Madrid, Aguilar, 1977, vol. II, pp. 970-982. Hai reedición, sen cambios, en 1988.

7ª ed., 1977: *Conto gallego*, en Rosalía de Castro, *Obra galega completa*, Notas de X. Alonso Montero, Madrid, Akal, 1977, pp. 321-331²⁰. Hai reedicións, sen cambios, en 1978 (dúas), 1980, 1982, 1989.

8ª ed., 1980: Mauro Armiño (ed.), *Conto gallego*, en Rosalía de Castro, *Obra Completa 3*, Madrid, Akal, 1980, pp. 519-530. Hai reedición, sen cambios, en 1992.

9ª ed., 1980: Rosalía de Castro, *Ruinas. El cadiceño. Conto gallego*, Barcelona, Editorial Fontamara, 1980, pp. 83-94.

10ª ed., 1983: X. Alonso Montero (ed.), *Conto gallego*, en Rosalía de Castro, *Obras completas Tomo II*, Santiago, Edicións Sálvora, 1983, pp. 487-495. Hai reedición, en Hércules de Ediciones, 1989.

11ª ed., 1993: M. Mayoral (ed.), *Conto gallego*, en Rosalía de Castro, *Obras completas II*, Madrid, Turner Libros, 1993, pp. 617-627.

12ª ed., 1995: M^a. C. Ríos Panisse (ed.), “*Contos da miña terra* (1864), primeira edición do *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro”, *Grial* 33 núm. 126 (1995) 257-280.

13ª ed., 1996: *Conto gallego*, en Rosalía de Castro, *Obra completa*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 1996, pp. 527-533.

14ª ed., 1996: Rosalía de Castro, *Conto gallego*, en M. P. Garcia Negro *et al.*, *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX. Antoloxía*, Vigo, AS-PG, 1996, pp. 17-31.

Do exame das entradas desta lista, que manexamos directamente na totalidade e na que é posible que falte algunha edición descoñecida por nós, podemos tirar dúas conclusións principais:

1ª Chama a atención o longo período que pasou dende a publicación do *Conto gallego* por Bouza Brey nos “Escritos no coleccionados de Rosalía” de CEG (1946) ata a súa incorporación nas *Obras completas* de Editorial Aguilar, cousa que non ocorre ata a edición totalmente revisada e aumentada de 1977, mentras que outras obras soltas de Rosalía se incorporaran nas distintas edicións que van dende a 2ª (Madrid, 1947) ata a 4ª (Madrid, 1958). Isto supón un descoñecemento xeral do *Conto gallego* ata o ano 1970, en que se publica nos libríños da colección “O Moucho”, de Editorial Castrelos.

2ª Unha edición crítica do *Conto gallego*, que aínda está por facer, deberá contar como base esencial a edición de 1864, claramente a *editio princeps*, polo tanto supletoria

exacta.

²⁰ O editor, X. Alonso Montero, indica nunca nota (p. 336) que reproduce o texto da edición de Ed. Castrelos, 1970, que loxicamente considera que é a terceira.

do orixinal de Rosalía que serviu de base para imprimila, xunto co manuscrito rosaliano da Real Academia Galega; a falta deste, que temos a esperanza de que non dure moito, podería suplirse pola primeira edición feita a partir del, é dicir, a do *Almanaque Gallego* de 1923. Pode prescindirse das demais edicións, sen que esto prexulgue o seu valor.

V. PRINCIPAIS ESTUDIOS SOBRE O *CONTO GALLEGO*

Reproducimos da nosa *Bibliografía rosaliana*, agora en versión galega, as reseñas dos poucos estudos adicados de xeito explícito ó *Conto gallego* de Rosalía.

CASAL SILVA, M^a Luz
 “O ‘Conto gallego’ de Rosalía”,
Grial 14 núm. 51 (1976) 35-48.

Estudio sobre o *Conto gallego* de Rosalía. Primeira edición en 1923; publicación en *CEG* por Bouza Brey no ano 1946; sorte posterior. Estructura e argumento do conto (pp. 36-38). Os personaxes do conto; análise da psicoloxía dos tres centrais, Xan, Lorenzo e Margarida (pp. 38-42). Orixe do conto; posible orixe popular; elementos populares no mesmo (pp. 42-44). A lingua da obra; a lingua de Rosalía; rasgos fonéticos: seseo, geada; particularidades morfolóxicas (pp. 44-48)²¹.

CARRO ROQUE, M^a do Carmen
 “Rosalía e a súa obra ‘Conto gallego’”,
Grial 22 núm. 85 (1984) 345-354.

A autora analiza o *Conto* de Rosalía fundamentalmente dende dous puntos de vista: en primeiro lugar, como mostra da situación da muller na sociedade galega do seu tempo, e do comportamento de Rosalía perante a marxinação feminina; en segundo lugar, dende o punto de vista lingüístico, tocando o problema dos castelanismos na obra rosaliana.

Con respecto ó tema da muller, que é o principal do traballo, explica Carro Roque que dentro da preocupación rosaliana polo mundo que a arrodea, ocupa un lugar moi sobranceiro a muller: “...non se vai dedicar simplemente a exaltar as virtudes da sofrida muller galega, senón que nos vai amosar varios tipos de mulleres, mesmo desde a óptica masculina, e como as actitudes da sociedade inciden negativamente no mundo da muller” (p. 346). Unha destas mulleres é a viuva do *Conto*, que emprega Rosalía da seguinte forma, segundo Carro Roque: “Superficialmente podería semellar unha crítica para a muller, o cal podería comprenderse partindo doutra persoa que non fose Rosalía, ou dun home ‘típicamente machista’. Mais non é esta a intención da autora. Vai colocar a muller e a súa circunstancia vital, dentro dunha sociedade, marcada por leis e condicionamentos de homes, defendendo ao mesmo tempo a búsqueda e realización da institución do matrimonio” (p. 346).

²¹ Tomado de Pociña - López, 1991, vol II, p. 579.

Despois destas premisas analízase o *Conto*, comezando polas circunstancias da súa publicación, para pasar a unha detida análise dos contidos, na que se presta unha atención especial a todo o que concerne ós problemas da muller, así como ás institucións típicamente galegas reflectidas no relato. A modo de conclusión, salienta a autora a defensa que Rosalía fai da muller, fronte ós ataques que recibe de parte de Lourenzo, uno dos dous protagonistas.

No parágrafo final (“Outros aspectos do Conto”) tócase, segundo xa dixemos, un aspecto da lingua do relato rosaliano, o dos castelanismos, que representan un dez por cento do total do vocabulario, “o cal non semella excesivo nunha persoa que escribe e fala adoito en castellano”, segundo a autora deste artigo²².

1995 - V

HERMIDA, Modesto

Narrativa galega: tempo do Rexurdimento,

Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1995.

Segundo indica o autor deste libro, “Ningunha das tres grandes figuras do rexurdir literario en lingua galega -Rosalía, Curros e Pondal- foi considerable prosista nesta lingua” (p. 75). Neste aspecto soamente Rosalía ocupa un certo lugar, meramente ocasional por outra parte, mercé ó seu *Conto gallego*, o que dedica algunhas observacións Hermida (p. 75 s.). En cambio, resulta “extraordinario” o caso de Rosalía como narradora en castelán (pp. 55-56)²³.

Velaí unha soa conclusión a partir deste parágrafo, pero que consideramos importante:

O *Conto gallego*, obra sen dúbida de Rosalía, xunto cos Prólogos de *Cantares gallegos* e *Follas novas*, única mostra da prosa galega da nosa autora, sufriu grandemente esa falta de edición ó longo da meirande parte do século XX, o que fixo que a penas se ocupasen del os estudiosos da literatura galega²⁴. Daquela, cando hai quen pensa, con obvio erro, que xa todo está feito sobre a escrita de Rosalía, aí queda esta preciosa obriña, pedindo a berros a meirande atención que sen dúbida merece e precisa.

²² Tomado de Pociña - López, 1991, vol. II, pp. 757-758.

²³ Tomado de A. Pociña - A. López, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, Volumen IV (1991-2000), inédito.

²⁴ Casos excepcionais son o de R. Carballo Calero, que xa se ocupaba do *Conto gallego* na primeira edición da súa *Historia de literatura galega* (1963), cf. Carballo Calero, 1975, pp. 224-227, ou o caso de J. Costa Clavell, 1967, p. 153, que se interesa polo *Conto gallego*, malia advertir que é “una pieza rosaliana poco conocida”, que nin sequera aparece nas *Obras completas* de Aguilar.

Fer un-ha parte d'apolo.
 E un ollo tes verde mar.
 Na miña vida vin outros
 De mais hermosos mirar
 Pero con des non fies
 Galan, de me namorar

Que chorar... Galan, a moito
 Cal ora a ti tin chorar:
 Que morra por min...
 A cantar ll'ou o mesmo cantar
 Cinda estan vivol' os probes,
 Difuntos qu'ou falar.

Gustam' os teus ollos verdes.
 ilouso no n'ou de gustar!
 Gustame ~~mirar~~ n'ou des
 Gustame galan miralou
 Cando me venen mirar
 Mais n'ou de ser en quen d'ou.
 Nin d'outras se namorar

Mi querido Manuelo; No debía escribirte hoy pues tú que me dices lo has ya ya todos los días, esas las tengas cuanto puedes, pues casualmente los días peores que me temo, hasta me aconteció la fatalidad de no recibir carta tuya. Ya me vas acostumbrando, y es que todo depende de la costumbre ya no me hace tanto efecto, sin embargo estos días en que me encuentro enferma, como estoy mas susceptible lo siento mas. Te perdono sin embargo, aun que sea que no tendrías hoy otro motivo para no escribirme, que el de el que pareito con Andalecio, si otra cosa parecida. pero no veníamos por esto, cuando tan dichados somos ya. Yo prometo con mucha tos, mucha mas que antes, aun que me cesaron los escalofríos. Sin embargo, se me figura que este golpe ha sido demasiado fuerte y que si llega a sanar, que no lo

se, me han de quedar mitos y saliqueros
 Ya sabes que no soy aprensiva, y que cuan-
 do estoy buena no me acuerdo de que me
 estado enferma, pero te aseguro, que esto
 ha sido un golpe de laura soberano,
 y que no se como quedare. Te confie
 so que lo mismo me da, y que si en su
 alidad llegase a ponerme tísica lo
 único que querría es acabar pronto,
 por que moriría medio desesperada
 al verme embuelta en gangajos, y
 cuanto mas durase el negocio peor.
 ¿Quién demonio abra hecho de la tísica
 una enfermedad proética? La enferme-
 dad mas sublime de cuantas han esis-
 tido, (después de hallarse uno a bien con
 dios) es una apoplejía pulmonante, o sea
 rayo, que hasta impide, si ha nevado co-
 mo buen rayo, que los ojosanos se ceben
 en el cuerpo convertido en verdadera ce-
 niza. Pero dejemos de hablar de esto.
 Presento, que según todas las tramas, sea

I.

Un dia d'inverno, i caor d'a tarde,
 dosz amigos qu' eran amigos desd' a
 escola, e que costaban d' unq, o maldi-
 to número de tres veces dez, caminaban
 a bon paso un sobre un ha mula
 branca, gorda e de redondas ancas,
 y entro suriva d'ez senz pes que
 non parecian apanar d'az pasadas
 lizeiras que lley facia dar seu dorso.

O da pé, corria tanto comfo' d'aca:

= 2 =

balo, que vende á midor que lle corria
 á seu compañeiro pola fronte y as
 puntas d'os cabalos díxolle:

— ¡E ti, Lourenço, por que non mor-
 eas un come-troz que te leve este tria-
 pa por estes camiños de Deus? qu'esto
 d'andar leuaz á fe por montes é
 areales, é bo pro'os caes.

— Come-troz! Anda é qu'os montes
 aqueles para quen se fixerian que n'és
 Lourenço. Cabalo grande, ande ou non an-
 de, é xa que grande n'ó pudo ter,
 sin él me quedo e sirvome d'os
 meus pés, que nin comen, nin beben,
 sin lle fan menester arceoz.

— Verdad é qu'ó ten modo de
 caminar é mozo barato que nin-
 gun, ¡negro de min! qu'hora teño
 que pagar o portazgo solo pro'o.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BOUZA BREY, F. (1946), "Escritos no coleccionados de Rosalía Castro (VI) "Conto gallego", *Cuad. Est. Gall.* II - 6, pp. 279-294.
- CASAL SILVA, M. L. (1976), "O 'Conto gallego' de Rosalía", *Grial* 14 núm. 51, pp. 35-48.
- CARRO ROQUE, M. C. (1984), "Rosalía e a súa obra 'Conto gallego'", *Grial* 22 núm. 85, pp. 345-354.
- CARBALLO CALERO, R. (1975), *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed., Vigo, Galaxia.
- COSTA CLAVELL, J. (1967): *Rosalía de Castro*, Barcelona, Plaza & Janés.
- GARCÍA NEGRO, M. P. et al. (eds.) (1996), *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX. Antoloxía*, Vigo, AS-PG.
- HERMIDA, M. (1995), *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- LÓPEZ, A. & POCIÑA, A. (1991), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, vols. I e II, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- NAYA PÉREZ, J. (1953), *Inéditos de Rosalía*, Santiago, Publicaciones del Patronato Rosalía de Castro.
- (1998), *Estudios acerca de la familia Murguía - Castro*, A Coruña, Deputación Provincial.
- NOIA CAMPOS, M. C. (2000), "La narrativa gallega de mujeres", en I. M. Zavala (coord.), *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)*, Barcelona, Anthropos, pp. 237-261.
- POCIÑA, A. (1986), "Cento vinte anos de bibliografía rosaliana: aspectos senlleiros", en AA. VV., *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega e Universidade, vol. I, pp. 97-106.
- POCIÑA, A. & LÓPEZ, A. (eds.) (1992): *Rosalía de Castro. Poesía galega completa. I. Cantares gallegos*, Santiago, Sotelo Blanco.
- (2000), *Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra*, Santiago, Laiovento.
- RÍOS PANISSE, M. C. (1995), "Contos da miña terra (1864), primeira edición do *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro", *Grial* 33 núm. 126, pp. 257-280.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1995), *Diccionario da literatura galega. I. Autores*, Vigo, Galaxia.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966), *Los gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.